



ACTA CONSTITUCION DO TRIBUNAL

Na vila de Portomarín, as dez horas e trinta minutos do día dous de outubro de dous mil dezaioito, no Salón de sesións do Excmo Concello de Portomarín, constitúese o tribunal para SELECCIÓN DE PERSOAL, CON CARÁCTER PROVISIONAL OU TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS AO CONCELLO DE PORTOMARÍN.

Asisten D José López González, D. José Luis Vázquez Méndez, Dona María Angeles Rivas Vázquez, Dona Iria Lamazares Fernández e Dna. Alicia de la Iglesia López.

Aberto o acto acordase:

PRIMEIRO.- Proceder a constitución do tribunal calificador formado por:

Presidente:

- D José López González, Secretario-Interventor do Concello de Paradela.

Vocais:

- D. José Luis Vázquez Méndez, Secretario-Interventor do Concello de Portomarín.
- Dona María Angeles Rivas Vázquez, xefa de sección I de contabilidade e contas do servizo de contabilidade e contas da Deputación Provincial de Lugo.
- Dona Iria Lamazares Fernández, diplomada en Traballo social da sección de Benestar e igualdade de Deputación Provincial de Lugo.

Secretario/a:

- A funcionaria do Concello, Dna. Alicia de la Iglesia López.

SEGUNDO.- Fixar os criterios para a elaboración das seguintes probas:

- PROBA TEÓRICA DE COÑECEMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS.


Exame tipo test sobre os temas incluídos no apartado de materias comúns e específicas do programa, de 40 preguntas nun tempo máximo de 45 minutos, cada resposta correcta puntuará 0,50 puntos e cada catro respostas incorrectas restan 0,50 puntos.

Sinalándose para a celebración da proba teórica o día 04-10-2018 as 10:30 h no Salón de Sesións do Concello de Portomarín.

- PROBA PRÁCTICA.

Suposto de carácter práctico relaciona coas función da praza a realizar no mesmo día unha vez rematada e puntuada a proba teórica cunha duración máxima de 40 minutos.


Declárase finalizado ás once horas e trinta minutos, e redáctase esta acta da que dou fe.


O Presidente
Asdo. José López González


O Vogal
Asdo. María Angeles Rivas Vázquez


O Vogal
Asdo. Iria Lamazares Fernández.


O Vogal
Asdo. José Luis Vázquez Méndez


A Secretaria
Asdo. Alicia de la Iglesia López.